

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO CLUBE DE MONTAÑA XISTRA, CELEBRADA O DÍA 18 DE MARZO DE 2023 ÁS 20:00 HORAS, EN SEGUNDA CONVOCATORIA, NO EDIFICIO DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, RÚA FOTÓGRAFO LUÍS KSADO 17 DE VIGO.**

Asistentes

**Presidente**

D. Xosé Henrique Freixeiro

**Directivos presentes**

D. José Raúl Leirós Gutiérrez

D. Antonio Paredes Chapela

**Socios con dereito a voto**

Dionisio Soto Amil

Eduardo Barrosa Picón

José Álvarez Rodríguez

Jose Do Pazo Díaz

José Florencio Soto Amil

María Amalia Otero González

Rosa López Ledo

Sabela Freixeiro López

Xosé Lois Freixeiro López

Iniciase a Asemblea Xeral Ordinaria, convocada polo Presidente a tal efecto.

**ORDE DO DÍA**

1 Lectura e aprobación, se procede, das Actas anteriores.

2 Lectura e aprobación, se procede, do Estado de Contas 2022.

3 Resumo de actividades 2022 e proxecto 2023.

4 Rogos e preguntas.

**SESIÓN**

Abre a sesión o Presidente dando lectura á orde do día. Lémbrese ós presentes que dende o momento da convocatoria ata o presente día de celebración estiveron dispoñibles en internet os seguintes documentos:

- Convocatoria da Asemblea Xeral.
- Actas das Asembleas Xerais e Extraordinarias anteriores.

O Presidente escusa a ausencia do novo Secretario Xeral Don José Miguel Merino Encinas, que estivo representando ó club nas Asembleas Extraordinaria e Ordinaria da Federación Galega de Montañismo esta mesma mañá e esta tarde está realizando as funcións de árbitro de carreiras por montaña para unha proba da FGM. Polo tanto, dá fe como Secretario desta Asemblea o Director Técnico D. Raúl Leirós Gutiérrez.

**1 Lectura e aprobación, se procede, das Actas anteriores.**

Os presentes confirman ter recibido as actas ordinaria e extraordinaria de reelección de Presidente do ano 2022 e, despois de seren lidas na súa totalidade e sen obxeccións, son aprobadas por unanimidade.

**2 Lectura e aprobación, se procede, do Estado de Contas 2022.**

O Presidente dá lectura ó Balance de Situación e a conta de Resultados a data 31 de decembro de 2021, elaborados polo contable e socio D. Ricardo Echevarría Covelo.

Infórmase das subvencións percibidas en 2022 e das que están concedidas e non cobradas.

Xunta de Galicia 2022 por Adquisición de Material Deportivo inventariable	3.284'70 €
Concello de Vigo	604'33 €
Xunta de Galicia (corresponde a gastos de 2021)	968'79 €
Deputación Provincial de Pontevedra	1.135'81 €

Os importes da Deputación e da Xunta para material non foran recibidos a 31/12/2022, pero o da Xunta foi ingresado o 3/01/2023. No momento da Asemblea non se sabe nada sobre o pago da Deputación.

Infórmase de que foi asignada en 2022 unha subvención de 509'11 € para a organización de eventos pola Deputación de Pontevedra, destinada á realización da proba Vigo25km. Lamentablemente trala anulación do evento por falta de autorización do Concello de Vigo, houbo que proceder ó rexeitamento da mesma.

Infórmase de que os gastos relacionados co evento anulado a causa dos problemas creados polo Concello de Vigo ascenderon a máis de 2.400'00 € que penalizaron as contas da entidade.

Dáse conta dun resultado positivo de 151'89 € que será incorporado a Fondo Social. Infórmase de que o activo do club está composto a 31/12/2021 das seguintes partidas: 5.823'21 € en material deportivo; 4.420'51 € ó noso favor de dúas subvencións pendentes de recibir (Xunta e Deputación); e un saldo de tesourería de 30.814'37 € (dos cales 459'24 € en efectivo de caixa e o resto nas 2 contas abertas en ABANCA).

Trala exposición, as contas anuais son aprobadas por unanimidade.

### **3 Resumo de actividades 2022 e proxecto 2023.**

Faise un resumo do ano 2022 que comezou con certas restricións pola pandemia, onde houbo 6 probas non competitivas de 25 km dentro do Open de Andainas, quedando anulada por falta de permisos do Concello de Vigo a proba organizada por Xistra (Vigo25km). Tamén houbo varias probas de 50 km e unha de 100 km, así como actividades no Courel, Trevinca e Palentinas. A máis o club organizou o Descenso de Barrancos da FGM e outro descenso intraclub.

Faise a proxección de 2 vídeos dos descensos de barrancos no río Cal e no río Verdugo.

Tamén foi comentada a expedición de Begoña e Roberto ó Nepal, con cumio de Roberto López en Island Peak (6189 m) e Ama Dablam (6812 m).

Respecto das actividades de 2023 hai unha importante e desagradable novidade, pola que o Open de Andainas que tiña previsto (en decembro de 2022) ter unhas 10 probas, queda reducido ás 3 probas que organiza Xistra. O resto dos clubs abandonan a competición de regularidade e pasan á Liga Xunta da FGM, no que só puntúa a distancia. Intervén Nisio Soto facendo notar a desconformidade co proceder federativo e con algúns organizadores doutras probas, xa que considera que non actuaron de forma leal e construtiva. Jose Florencio Soto apunta na mesma dirección e considera acertado non incorporar ás probas de Xistra na Liga da FGM, xa que suporía a desaparición das mesmas en breve. A intención da Xunta Directiva de Xistra é seguir colaborando na organización do Open e fomentando a participación dos socios no Open e tamén das probas da Federación.

O Presidente agradece a ambos a magnífica organización da proba de AndaGuláns celebrada a semana precedente, en concreto o domingo día 12 deste mesmo mes.

Hai propostas para realizar en 2023 novas actividades na alta montaña galega, así como en Ubiña e Somiedo, en Palentinas e tamén preparar uns descensos de barrancos e actividades de vías ferratas.

Infórmase que a continuación da Asemblea vaise celebrar a cea e baile anual do club, que sufriu un desafortunado e prolongado paro de varios anos. A celebración será no Hotel Coia na sala Galicia a partir das 21:30 horas e serán outorgados os seguintes premios:

#### **PREMIOS DE 2022/2023**

Socios Homenaxeados con pin de prata por 25 anos ininterrompidos en Xistra

- Rosa López Ledo
- Loli Román Villar
- Africa Leirós Román
- Antonio Paredes Chapela

Socios Homenaxeados por Concursos Montes Xistra

- Alexandre Freixeiro López (2020)1ª Categoría Base
- José Álvarez Rodríguez(2020)3ª Categoría Sénior
- José Álvarez Rodríguez(2022)2ª Categoría Sénior
- Xosé Lois Freixeiro López (2022)2ª Categoría Sénior
- Mª Amalia Otero González (2022)3ª Categoría Sénior
- José do Pazo Díaz (2022)3ª Categoría Sénior

Socios Homenaxeados por Recoñecemento Especial

Polo traballo que desenvolven dende hai anos para a dinamización das marchas de 25 km con Xistra.

- Dionisio Soto Amil
- José Florencio Soto Amil
- Raúl Domínguez Domínguez

#### **4 Rogos e preguntas.**

Son contestadas algunhas preguntas sobre cuestións federativas, tema de licenzas, orzamento federativo para andainas en contraposición do de marcha nórdica, e o de sendeiristas en oposición á escalada de competición.

Non hai máis rogos nin preguntas.

Sen outros asuntos que tratar, e sendo as 21:10 horas procédese a levantar a reunión do que dá fe o Secretario accidental co visto e prace do Presidente.

Dá fe  
Raúl Leirós Gutiérrez  
Director Técnico – Secretario da Asemblea

Co Visto e Prace  
Xosé Henrique Freixeiro Cameselle  
Presidente do Clube de Montaña Xistra